

ADDENDA AO ACORDO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE FRIOL PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO

Por unha banda, María Martínez Allegue, en nome e representación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, José Ángel Sánchez Santos, alcalde-presidente do Concello de Friol, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos da presente addenda

EXPOÑEN

I.- O día 5 de agosto de 2025 asinouse o Acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Friol, co obxecto de acometer e incorporar ó patrimonio público municipal as obras consistentes na *Construción dun centro de interpretación da natureza na parroquia de San Pedro de Narla*.

II.- Na cláusula cuarta establécense as obrigas económicas de cada unha das partes para o financiamento das actuacións obxecto do acordo, segundo o seguinte detalle:

Porcentaxes das achegas	2025	2026	Total
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (70% do custe estimado)	70.186,28 €	84.135,01 €	154.321,29
Concello de Friol (30% do custo estimado)	30.079,83 €	36.057,87 €	66.137,70 €
			220.458,99 €

III.- Circunstancias de índole técnico e os prazos determinados para a contratación e adxudicación das obras que constitúen o obxecto do acordo, impediron a materialización das execucións previstas para o exercicio orzamentario de 2025. Isto implica a necesidade de proceder ao reaxuste das anualidades, para adecuar as dotacións económicas á realidade das execucións establecidas ata acadar a súa finalización.



Polo exposto, procede modificar o acordo vixente para adaptar as obrigas nel establecidas á nova realidade.

En consecuencia, as partes acordan subscribir a Addenda núm. 1, para a modificación do convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Modificación da cláusula cuarta.- Financiamento

Para o financiamento da actuación que constitúe o obxecto deste acordo de cooperación, cada unha das partes achegará os importes máximos, distribuído por anualidades, que se indican no cadro inserido a continuación:

Porcentaxes da achegas	2026
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (70% do custe estimado)	154.321,29
Concello de Friol (30% do custo estimado)	66.137,70 €
Total	220.458,99 €

O financiamento desta actuación, por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.521A.607.1.

O aboamento do importe correspondente ao concello, efectuarao en favor da Xunta de Galicia, logo de asinado o presente acordo e os correspondentes contratos e unha vez que lle sexa requirido pola Dirección Xeral de Urbanismo, sen que o dito importe supere a contía de cada unha das anualidades anteriormente indicadas e atendendo, en todo caso, ao ritmo de execución dos contratos. Calquera alteración na dita execución que implique a variación do correspondente importe determinará o reaxuste das anualidades.

Logo da adxudicación dos contratos que se celebren para a execución das actuacións necesarias para o cumprimento do obxecto do presente acordo, as baixas que, de selo caso, resulten aplicaranse na proporcionalidade das achegas de cada unha das administracións intervinientes. Non obstante, para a derradeira achega que deba de efectuar o concello, deberá de terse en conta a totalidade dos aboamentos efectuados pola consellería aos contratistas adxudicatarios das execucións das actuacións obxecto do acordo, nos que se incluírán aqueles que correspondan ás certificacións finais.

Segunda.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo



co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Terceira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente acordo na data sinalada.

Pola Xunta de Galicia,
A conselleira de Vivenda e Planificación de
Infraestruturas

O alcalde-presidente do Concello de Friol

María Martínez Allegue

José Ángel Sánchez Santos

